



Concello de Viveiro

SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE 2016.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 31 de outubro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia o concelleiro D. Emilio Villarmea Méndez, así como a interventora D^a. María Rosa Abelleira Fernández.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 3243/2016

Visto o escrito de D. José Monteagudo Gómez, con domicilio a efectos de notificación na rúa Jesús Noya, nº 5-1^oC, en Viveiro, no que solicita a asignación de número para a vivenda da súa propiedade de nova construción situada no lugar de Cruz de Sobrado, da parroquia de San Pedro, en Viveiro.

Visto o informe emitido polo Departamento de Estatística, de data 24 de outubro de 2016, no que se sinala que a entidade de Sobrado está composta por dous núcleos, Sobrado e Lamaceda, con numeración correlativa e o último número asinado é o 31, polo que lle correspondería o seguinte número: Lamaceda, Nº 32 – San Pedro.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, en base ó informe emitido pola encargada do negociado de Estatística, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á devandita vivenda o seguinte número de goberno:

LAMACEDA, Nº 32 – SAN PEDRO

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estatística para a súa notificación ó interesado e para o cumprimento do acordado no punto primeiro.

EXPTE. 3193/2016.

Visto o escrito de D^a. Cristina Martínez Pillo, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Barral, da parroquia de San Pedro, en Viveiro, no que manifesta que adquiriu a licenza de primeira ocupación para a vivenda sita no lugar de Alfeira, da parroquia de San Pedro; solicitando a asignación do número para o dito inmovible.

Visto o informe emitido polo Departamento de Estatística, de data 20 de outubro de 2016, no que se sinala que o último número asinado é o 3, polo que correspondería o seguinte número: Alfeira, nº 4 – San Pedro.

A Xunta de Goberno Local, en base ó informe emitido pola encargada do negociado de Estatística, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á devandita vivenda o seguinte número de goberno:

ALFEIRA, Nº 4 – SAN PEDRO.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estatística para a súa notificación ó interesado e para o cumprimento do acordado no punto primeiro.

EXPTE. 3254/2016.

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Francisco José Martínez Louzao, presentada en data 19 de outubro de 2016, co Nº de rexistro 2016-E-RC-6991, referente á fianza depositada mediante transferencia bancaria para garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar no espazo público ó facer o entroncamento de auga en Igrexa, nº 7, da parroquia de Chavín, en Viveiro, co expite. 1/16, por importe de 160,00 euros.

Visto o informe emitido polo vixiante urbanístico, en data 25 de outubro de 2016, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

condicións, polo que procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, en virtude do informe do vixiante urbanístico, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Francisco José Martínez Louzao para garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar no espazo público ó facer o entroncamento á rede de auga potable en Igrexa, nº 7, da parroquia de Chavín, en Viveiro, co expte. 1/16, por importe de 160,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

EXPTE. 3249/2016.

Vista a solicitude de D. Carlos Veloso Balseiro , con domicilio a efectos de notificación en Pallaregas, 11, Covas, en Viveiro, presentada en data 20 de outubro de 2016 (nº de rexistro 2016-E-RC-7023), de devolución da fianza depositada no seu día por importe de 500,00 euros, en relación coa licenza de obra para a substitución de forxado e cuberta en vivenda, Expte. URB/276/2014.

Visto o informe emitido en data 25 de outubro de 2016 polo vixiante urbanístico, no que se sinala que persoado no lugar comproba que as obras e o espazo público quedaron en perfectas condicións, podendo devolver a fianza.

A Xunta de Goberno Local, en virtude do informe do vixiante urbanístico, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Carlos Veloso Balseiro por importe de 500,00 euros, referente ó Expte. URB/276/2014.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

2.- EXPEDIENTES CONTRATACIÓN

EXPTE. 865/2016

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "*Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro*" (Expte. CT 2015/4).

Concello de Viveiro

Vista a acta da Mesa de Contratación municipal correspondente á sesión levada a cabo o día 7 de outubro de 2016, na que reflicten, entre outros extremos, as empresas invitadas, as presentadas, as excluídas e as admitidas ao procedemento,

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 7 de outubro de 2016, a favor da empresa “*Servicios Sociales San Roque*”, polo prazo de “dous anos “ (2), e polos importes que seguidamente se indican:

| | | |
|------------------------------------|---------------|---------|
| Horario laborable | Importe base | 11,10 € |
| | 4% IVE | 0,44 € |
| | Importe total | 11,54 € |
| Horario festivo ou nocturno | Importe base | 11,10 € |
| | 4% IVE | 0,44 € |
| | Importe total | 11,54 € |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa “*Servicios Sociales San Roque*”, con CIF núm. B-27.333.160, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de dez días hábiles.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a súa notificación aos interesados do presente acordo e a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

3.-LICENZAS URBANÍSTICAS

EXPTE. 1781/2016.- JUAN JESÚS LÓPEZ CASTRO.- ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA TIENDA DE ROUPA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Juan Jesús López Castro, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Melitón Cortiñas, nº 4, en Viveiro, para obras de acondicionamento do local de referencia catastral 3354316PJ1335S0002LP existente na planta baixa do inmovible sito na Travesía da Mariña, nº. 3, en Viveiro, para destinado á actividade de comercio de roupa.

Coa solicitude achega proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico, D. Jose Manuel Caamaño González, visado polo COATIE de Lugo en data 21 de xuño de 2016, co número 584.



Concello de Viveiro

Consta acreditado no expediente o aboamento da autoliquidación provisional dos tributos municipais correspondentes, con aplicación dunha bonificación do 90%.

Visto o informe favorable emitido pola aparelladora da Oficina de rehabilitación do casco antigo de Viveiro Irena Fdez Cora en data 16 de setembro de 2016, e conformado na mesma data polo arquitecto municipal. No referido informe sinalase que a clasificación do solo é urbano consolidado, as obras a realizar son o acondicionamento de local segundo proxecto asinado polo técnico, D. José Manuel Caamaño González. Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística. Establécese a condición de que si se pretende colocar rótulo comercial, este deberase facer a través dunha solicitude. Manífiéstase así mesmo no informe técnico que remitido expediente á Dirección de Patrimonio Cultural para a súa aprobación, con data 4 de agosto de 2016 resolven indicando que non é necesaria a autorización debido a que as obras son interiores e non afectan ó ben inventariado (Porta de Carlos V ou porta da muralla).

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 144 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esta circunstancia. E o artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que, se para o desenvolvemento da actividade se precisa a realización dunha obra, a documentación descrita no apartado 1 presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder, e logo de rematar a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade.

- A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico

d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Revisada a documentación achegada pola solicitante da licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos, respecto á actividade de café bar :

- Memoria explicativa da actividade, aludida no apartado 5 da memoria descritiva do proxecto
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais pola actividade (comercio polo miúdo de roupa)
- Declaración de cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico
- O redactor do proxecto xustifica no mesmo que o local cumpre as especificacións do CTE en materia de seguridade e salubridade e así como o cumprimento da normativa autonómica en materia de accesibilidade e de protección acústica

Non resultan esixibles os documentos indicados nas letras d), e), f) e g) dada a natureza da actividade

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, ámbito dentro do que se ubica o inmovible no que se pretenden executar as obras de acondicionamento



Concello de Viveiro

- De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas son conformes coa legalidade urbanística

- Segundo a resolución de 4 de agosto de 2016 da xefa do servizo de coordinación da area cultural da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura que consta no expediente, para as actuacións promovidas por don Juan Jesus Lopez Castro non resulta necesaria autorización ou informe previo de dito organismo, competente en materia de protección do patrimonio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base ó informe - proposta emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, ACORDA:

Primeiro.- Outorgar a D. Juan Jesús López Castro, licenza municipal para obras de acondicionamento do local de referencia catastral 3354316PJ1335S0002LP existente na planta baixa do inmovible sito na Travesía da Marina, n.º 3 en Viveiro, para destinado á actividade de comercio de roupa, de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico, D. José Manuel Caamaño González, visado polo COATIE de Lugo en data 21 de xuño de 2016, co número 584.

Segundo.- A execución das obras condicionase ao cumprimento das seguintes obrigas:

1.-De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.

2.- Si se pretende colocar rótulo comercial, este deberase facer a través dunha solicitude

- Unha vez **rematadas as obras presentarase comunicación previa para o inicio da actividade**, acompañada de certificado de fin de obra.
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 750/2016.- OPERGESTIÓN, S.A. - SALÓN DE XOGO.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José Alfredo González Fuentes, en representación de OPERGESTIÓN, S.A., para obras de adecuación interior do local de referencia catastral 3253509PJ1335S0002JP, sito na Travesía da Mariña, nº 37-baixo, para destinalo á actividade de salón de xogo.

Coa solicitude achega proxecto técnico asinado por D. Pablo Pérez Villar (enxeñeiro técnico industrial) e D. Lino García Beiro (arquitecto técnico), identificado co número T-1.140/16, datado en mayo de 2016. Segundo dito proxecto, ademais da actividade principal de xogo, e como complemento da mesma, prevese a actividade de cafetería para os usuarios do local. O proxecto contempla un aforo máximo de 48 persoas.

Visto o informe favorable emitido pola aparelladora da Oficina de rehabilitación do casco antigo de Viveiro Irena Fdez Cora en data 16 de setembro de 2016, e conformado na mesma data polo arquitecto municipal. No referido informe sinala que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar son a adecuación interior do local destinado a salón de xogo. Proxecto asinado polos técnicos, D. Pablo Pérez Villar e D. Lino García Beiro. Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística. Establécese a condición de que a edificación donde se pretenden realizar as obras está catalogada con protección PL, precisando informe previo de carácter vinculante do órgano competente en materia de Patrimonio. Remiteuse expediente das obras a realizar en dito inmovible á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo para a súa autorización, con data 22 de setembro de 2016, o expediente resolvese indicando que non hai ningún elemento de especial valor a conservar no interior do local.

Establecense no informe técnico as seguintes condicións:

- Os rótulos deberán colocarse nos ocos da carpintería, non podendo anclarse ós muros de fachada. Deberá de facerse unha solicitude para a súa

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

aprobación indicando na mesma a ubicación dos rótulos, dimensións, sistema de anclase e cores que se van a empregar.

- A persianas metálicas colocaranse no interior da edificación, non alterando para nada os ocios de fachada.
- Non se colocará zócalo de aceiro na parte inferior da carpintería de madeira pola zona exterior.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 144 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esta circunstancia. E o artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que, se para o desenvolvemento da actividade se precisa a realización dunha obra, a documentación descrita no apartado 1 presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder, e logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.

- A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico

d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.

e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.

f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Concello de Viveiro

Revisada a documentación achegada pola solicitante da licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos, respecto á actividade de salón de xogo e cafetería :

- Memoria explicativa da actividade; aínda que non se contén no documento técnico un epígrafe específico relativo á actividade, esta atópase identificada no punto 1.7 do proxecto como salón de xogos e cafetería para os usuarios, xustificando que se trata dun uso admitido polo planeamento urbanístico de Viveiro no punto 1.8, extremos non contraditos polos técnicos municipais. Por outra banda, no punto 5.1.2.3 do proxecto técnico enumeranse os elementos susceptibles de xenerar ruído, citando expresamente 3 máquinas recreativas e 3 televisores, ademais de nevera, cafetera, molinillo e climatizador, exponiendo seguidamente as medidas correctoras para evitar que os ruidos e vibracións excedan dos niveis permitidos. O informe técnico non alude expresamente a aspectos relacionados coa actividade a desenvolver nin á suficiencia e adecuación das medidas correctoras; debe entenderse, sen embargo, que ditos aspectos foron obxecto de análise por canto no punto 2.5 do informe técnico dise que (...) cumpre - a obra- coa normativa técnica aplicable; e dentro das obras de adecuación do local deberían atoparse as necesarias para que o local dispoñía das medidas correctoras igualmente descritas no proxecto técnico.

- Xustificante de pagamento dos tributos municipais pola actividade.

- Declaración de cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

Non resulta esixibles os documentos indicados nas letras d), e), f) e g) dada a natureza da actividade.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanístico. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que doron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, ámbito dentro do que se ubica o inmovible no que se pretenden executar as obras de adecuación interior do local.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas son conformes coa normativa urbanística.



Concello de Viveiro

- Segundo a resolución de 22 de setembro de 2016 da xefa do servizo de coordinación da área cultural da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura que consta no expediente, o local non posúe no interior ningún elemento de especial valor a conservar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base ó informe - proposta emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, ACORDA:

Primeiro.- Outorgar a OPERGESTIÓN, S.A., licenza municipal para adecuación interior do local de referencia catastral 3253509PJ1335S0002JP, sito na Travesía da Mariña, nº 37-baixo, para destinalo á actividade de salón de xogo e á complementaria de cafetería para os usuarios do mesmo, cun aforo máximo de 48 persoas, de acordo co proxecto técnico asinado por D. Pablo Pérez Villar (enxeñeiro técnico industrial) e D. Lino García Beiro (arquitecto técnico), identificado co número T-1. 140/16, datado en mayo de 2016.

Segundo.- Na execución das obras deberase dar cumprimento ás seguintes obrigas:

- Os rótulos deberán colocarse nos ocos da carpintería, non podendo anclarse ós muros de fachada. Deberá de facerse unha solicitude para a súa aprobación indicando na mesma a ubicación dos rótulos, dimensións, sistema de anclase e cores que se van a empregar.
- As persianas metálicas colocaranse no interior da edificación, non alterando para nada os ocos de fachada.
- Non se colocará zócalo de aceiro na parte inferior da carpintería de madeira pola zona exterior.
- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaxe.
- De xerarse entullos, deberán er trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- **Unha vez rematadas as obras presentarase comunicación previa pra o inicio da actividade, acompañada de certificado de fin de obra.**

Cuarto.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Quinto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Sexto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

PUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.

Por parte do concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández propónse a inclusión na presente sesión da Xunta de Goberno Local, un asunto de carácter urxente:

- Recoñecemento e liquidación de obrigas que precisan da urxente aprobación para o pago das facturas, para poder cumprir co período medio de pago.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia do asunto proposto para a inclusión na presente sesión, asunto que se relaciona a continuación, segundo o expediente ao que pertence:

EXPTE. 3404/2016.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3404/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:10 horas do día 31 de outubro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.